

# Bases do III certame de caligramas "Constanza de Castro".

A **Asociación Cultural de Pino**, en colaboración con **Culturalia GZ** e **Caldaloba.es**, convocan o III Certame de Caligramas "Constanza De Castro", co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística, de acordo ás seguintes

## **BASES**

- 1.** Poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha ÚNICA obra.
- 2.** Os caligramas serán de formato e temática libres, en galego. A realización dos mesmos será á man ou por medios dixitais no tamaño A4 sen ningunha identificación da súa autoría
- 3.** O prazo de envío das obras comeza o 1 de xuño de 2023 e remata ás 23:59 horas do 8 de outubro de 2023.
- 4.** Dito envío farase ao seguinte enderezo electrónico *asociacionpino@gmail.com*, mediante dous arquivos: o primeiro conterá o debuxo escaneado en formato imaxe JPG, PNG ou de arquivo PDF cunha resolución maior de 200 ppp. e denominarase co título da obra. No segundo arquivo, en formato PDF, irán os datos da persoa participante (Nome completo, Idade, domicilio, teléfono e enderezo electrónico) e denominarase PLICA e TÍTULO DA OBRA. Ademais os menores de idade deberán engadir no envío unha autorización conforme a protección de datos, modelo que dispón a Asociación R.C. de San Martiño de Pino. Só se abrirán as plicas dos traballos premiados. Conforme á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos serán tratados de forma confidencial.
- 5.** Establécense os seguintes premios:
  1. Primeiro premio: Diploma e 200 €.
  2. Segundo premio: Diploma e 100 €.As persoas premiadas serán convocadas ao acto de entrega de premios nunha data da que se informará no seu momento.
- 6.** O xurado será designado polas entidades convocantes do certame e que se fará público o día do fallo previsto para o 28 de outubro de 2023. O fallo comunicáraselles ás persoas premiadas directamente, e publicarase na web e redes sociais das entidades convocantes. O xurado poderá declarar deserto o Certame, así como rexeitar algúns dos traballos que non se axusten ás presentes bases.
- 7.** As obras premiadas no Certame quedarán en propiedade da Asociación Cultural de Pino, reservándose esta, conxuntamente con Culturalia GZ e Caldaloba.es, o dereito de exposición e/ou publicación de ditas obras polo medio que considere oportuno. As obras non premiadas serán destruídas do arquivo informático da A.R.C. de Pino.
- 8.** A participación neste Certame implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.
- 9.** Calquera circunstancia que haxa que resolver corresponderá ás entidades convocadoras a competencia para interpretar as presentes bases.